

# Universitas

www.atlantico.net  
JUEVES, 10 DE FEBRERO DE 2011

Atlántico

ENTREVISTA  
**Ángeles Parrilla**

"A educación inclusiva es un cambio de metodoxía nas aulas", según a catedrática de Didáctica e Organización Escolar. Páxina 41



Primeira reunión do proxecto EnerBioAlgae na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla. A dereita, vista parcial da depuradora augas residuais de Vigo.

## A depuradora de Vigo, ¿en mans das algas?

EnerBioAlgae estuda o uso de microalgas para a limpieza de aguas deterioradas. A Universidade lidera un proxecto no que participan outras cinco entidades

REDACCIÓN VIGO  
universitas@atlantico.net

■■■ Pensar en verde nunca tivo tanto sentido como en novo proxecto que lidera a Universidade de Vigo: EnerBioAlgae. Trátase dun traballo integrado no programa Sudoe Interreg que busca o emprego de microalgas que viven en espazos hídricos deteriorados para a limpeza de augas sueltas. O primeiro paso, conseguir detectar zonas de interese en toda Galicia nos que se poidan aplicar as técnicas, como "minas abertas, lagunas cerradas ou incluso en augas residuais urbanas. A idea é que o proxecto teña continuidade para poder achegarnos o máis posible á realidade que nos rodea, como

a depuradora de Vigo e así contribuir ao seu bo funcionamento", explicou Jesús Torres, profesor de Física Aplicada e coordinador do proxecto, no que colaboran ademais do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e as universidades de Almería, Aveiro e Pau et Pays de l'Adour. Tras a firma do acordo de colaboración entre os socios o pasado mes de outubro, os equipos de traballo celebraron a semana pasada a primeira reunión do proxecto na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, onde debuxaron os primeiros pasos dunha investigación enfocada a sacar partido á riqueza mariña de Galicia.

Unha iniciativa "complexa a ni-

OS EXPERTOS DO PROXECTO AVISAN QUE PRECISANSE GRANDES SUPERFICIES E ZONAS ILUMINADAS PARA UN RENDIMENTO FAUTIBLE DAS ALGAS

vel administrativo" cun orzamento de máis de 660.000 euros dos que intentarán sacar 500.000 euros dos fondos europeos FEDER, que ten previsto rematar en 2012 coa instalación en Aveiro e na ECIMAT dun fotobioreactor que será monitorizado para obter un mellor

rendemento do emprego de augas degradadas procedentes de distintas zonas do territorio galego. O INEGA será o encargado de facer o estudo do tipo de augas e buscar a localización axeitada para a explotación das microalgas, que precisan a luz directa do sol para facer a fotosíntese. As cepas introduciranse nun sistema pechado de crecemento no que circulará auga mariña cuns parámetros concretos para o seu mantemento e fártase unha monitorización on line dos cultivos.

MOLTO CAMINO POR DIANTE Antes diso haberá que estudar cal é a cepa máis axeitada e caracterizarla para levar a cabo es-

ta iniciativa. Pero os investigadores queren ser realistas e avisan: precisanse "grandes superficies e zonas iluminadas para un rendimento factible". Un exemplo a seguir ademais do da Universidade de Almería, a vanguarda dos estudos con microalgas en España, é Israel, onde existen amplos cultivos deste material para empregar logo na industria farmacéutica ou na fabricación de biodiésel.

Precisamente acadar este combustible, así como empregar as microalgas para a absorción de dióxido de carbono, é unha das metas secundarias do proxecto. Sen embargo, os propios investigadores reconecen que o seu emprego como biodiésel responde a un rendemento más medioambiental que económico. "Todo o proceso require un esforzo substancial tanto no desenvolvemento das tecnoloxías precisas como na súa posta en funcionamento. Trátase de crear procesos de conversión enerxética más eficientes e limpos para dar resposta ás demandas tecnolóxicas e medioambientais presentes e futuras, demostrando a súa viabilidade técnica e económica", asegura Torres. Unha solución pode que máis que factible no incerto futuro enerxético. n

HOXE EN  
**Universitas**

UNIVERSIDADE / JAVIER MEANA

**Meana, novo decano electo da Facultade de Belas Artes**

ACORDO / JAVIER MEANA

**Foro para fomentar o emprendemento dos titulados**

ACTIVIDAD ACADÉMICA / JAVIER MEANA

**Os docentes defenden o uso pedagóxico das redes sociais**

DEPORTE / JAVIER MEANA

**Contundente vitoria da Universidade de Vigo de xadrez en Ourense**